



MNEMEA

INFELICES

A VOAR
LA CAIMANA

CORNELIO
VAGOS E
MALEANTES

NIÑO
PRODIGIO:
MI PADRE,
EL GENIO

ASALTO A OZ.
ANTOLOGÍA DE
RELATOS DE LA NUEVA
NARRATIVA QUEER

O LOBO
DE AREA

PEPINO: HÉROE
DE LEYENDA

OS BICOS FERIDOS

POESÍA REUNIDA

SUPER MARIO AVENTURAS

VETAS PROFUNDAS

LOS ESCRIBIDORES DE CARTAS

SI NO TE GUSTA LEER, NO ES CULPA TUYA

HISTORIAS DE REGALO

TÚ ERES...

LA SILLITA
AZUL

AMARYLLIS

CINCO
MINUTIÑOS
MAIS

TODOS DEBERÍAMOS
SER FEMINISTAS

PERRO
APESTOSO

UN ZORRO: UN LIBRO
(DE MIEDO) PARA

AS ESTACIÓNS DO LOBO

BICOS E NON BALAS

CONTA CONMIGO

LAS RICAS HORAS DE JACOMINUS
GAINSBOROUGH

OS ESQUELETOS DIVERTIDOS

NADAL 2019



Historias de regalo

2019 | **Č** BIBLIOTECAS
municipais

A guía de lectura que tes nas túas mans contén as aportacións das bibliotecarias e bibliotecarios das Bibliotecas Municipais da Coruña.

Esta selección non pretende ser exhaustiva; tan só recolle aquilo que nos gustou especialmente entre o publicado nos dous últimos anos.

Creemos que esta guía che axudará a atopar pequenos tesouros para agasallar nestas festas de Nadal. Sabemos que regalar lecturas, música ou cine non é doado, implica pensar moito nos que o reciben, por iso, os títulos que che propoñemos van acompañados dunha reseña do seu contido e estarán expostos en

todas as nosas bibliotecas onde poderás mirar, escoitar, tocar e ulir todas estas propostas.

Desexamos facilitarche a tarefa de escoller en función de gustos, intereses, preferencias, formatos... Visita a biblioteca municipal de proximidade do teu barrio, pérdete na nosa exposición "Historias de regalo", pérdete entre as "Historias de regalo" e atopa ese libro, disco ou DVD co que sorprender nestas datas.

Lembra, este Nadal parada obrigada... AS BIBLIOTECAS E se queres propoñer algunha lectura podelo facer nas redes sociais empregando **#recomendamosBMC**

De 0 a 2 anos



PEQUENOS DE CASA

JONATHAN MILLER. KALANDRAKA, 2019

Libro para bebés, de formato pequeno e téxtil, moi suave cun simpático animalíño en relevo en cada páxina, en cores suaves, farán as delicias de calquera bebé. Acompañado dunha rima que presenta as personaxes e anima ás persoas adultas a crearen cadansúa rima.



CUANDO EL SOL DESPIERTA

GIOVANNA ZOBOLI, PHILIP GIORDANO.
LIBROS DEL ZORRO ROJO, 2019

Cando o SOL esperta, animais e obxectos comezan a abrirse tamén ao día e á luz, pero todo cambia cando quen esperta é a LÚA, que pasa entón? Que fan eses animais?


Libro de formato medio onde a imaxe ocupa a maior parte, acompañada de frases sinxelas e axeitadas para crianzas a partir dos 6 meses.



EL PECECITO BLANCO Y LA CANCIÓN DEL MAR

GUIDO VAN GENECHTEN. EDELVIVES, 2018

Libro de tapa dura moi apropiado para as e os máis pequenos ambientado no fondo do mar e con personaxes mariñas: estrela, golfinho, ourizo... cada unha coa súa propia canción que se pode escoitar a medida que se lles le a historia. Un libro para ver e escoitar, fácil de manexar dende as primeiras idades.



A VOAR

CÉ ORQUESTRA PANTASMA, CRISTINA OURO,
JUDIT SANTOS. MIUDIÑO S. COOP. GALEGA, 2018

Libro-disco onde, a través de distintas cancións interpretadas por Cé Orquestra Pantasma, coñeceremos a historia de Xoana e a viaxe que emprende e que cambiara a súa vida. Polo camiño vai coñecendo novas e novos compañeiros de viaxe: un can, un burro, unha nena, un neno, incluso o mar. Cada encontro vai acompañado dunha canción que se pode escoitar e ler.



TÚ ERES...

ATELIER SAJE. KÓKINOS, 2018

Neste orixinal álbum cada páxina contén un debuxo moi simple e de cores planas cun burato no medio polo que o bebé pode asomar a súa cariña. Xuntos, en cada páxina as persoas adultas poden xogar co bebé a dicirlle canto a/o queren. A última páxina é un espello onde o bebé pode mirarse coa persoa adulta quen lle le o conto.


De 3 a 5 anos



LA SILLITA AZUL

CARY FAGAN. JUVENTUD, 2019

Quen non lembra con agarimo algún obxecto que a/o acompañou durante anos? Neste caso, a cadeiriña azul convértese no personaxe principal deste conto, que adquire diferentes usos segundo de quen for propiedade. Unha escusa para viaxar a través do mundo, coñecer culturas e lugares distintos, e xogar a imaxinar os usos diferentes que pode ter unha cadeira. Unha excelente oportunidade para atopar valor e utilidade nos artigos de segunda man e para compartilos cando xa non son necesarios.



AMARYLLIS

GERMÁN MACHADO. THULE, 2019

O *Amaryllis* é unha plantiña a quen lle gusta pasear cando acaba o verán. No camiño polo bosque, fai todo tipo de amigos e atopa aventuras e perigos, todo co fin de chegar onde ninguén chegou cando comeza o inverno. Un lugar onde todo pode ocorrer.




CINCO MINUTIÑOS MÁIS

MARTA ALTÉS. BLACKIE BOOKS, 2019

O tempo, que cousa tan curiosa. Papá fala seguido dese tema. Pero eu creo que sei máis do tempo ca el...

As nenas e os nenos teñen un concepto do tempo moi diferente ao das persoas adultas. Para as crianzas, o tempo non existe, só existe a diversión. Pero as persoas adultas coas súas présas para todo, non se ocupan de desfrutar ese tempo coma elas....



CORNELIO

LEO LIONNI. KALANDRAKA, 2019

Cornelio é un crocodilo peculiar que non é igual aos demais. O noso protagonista sabe manterse ergueito, cousa que non fan os seus semellantes. Este dilles que o tenten e cóntalles o marabilloso que é velo todo desde outra perspectiva, pero parece ser que ninguén quere ser diferente, prefiren seguir facendo o mesmo. O respecto á diversidade e á diferenza, a capacidade de aprendizaxe, a curiosidade e a perseveranza, están presentes neste conto.



UN ZORRO: UN LIBRO (DE MIEDO) PARA CONTAR

KATE READ. LOS LIBROS DEL ZORRO ROJO, 2019

Un raposo famento, dous ollos astutos, tres galiñas gordechadas...», así comeza este libro para contar a aventura, ou desventura, dun raposo que entra nun galiñeiro en busca de comida. O raposo toma cunhas galiñas, que lonxe de asumiren o papel que tradicionalmente lles tocou vivir nas fábulas, deciden facer fronte con valentía, picardía e colaboración a calquera perigo que as axexe.

De 6 a 8 años



LA CAIMANA

MARÍA EUGENIA MANRIQUE. EKARÉ, 2019

Na época en que os caimáns eran abatidos para comerciar coas súas peles, á beira do río Apure, Faoro atopou un bebé caimán que cabía na palma da súa man, acariñoouno suavemente e, sen sequera pensalo, meteuno no peto da súa camisa. Como tiña a pel algo escura, púxolle o nome de Negro. Así comeza esta historia dunha gran amizade, que desmente a crenza absurda de que os animais non son capaces de amar.



LAS RICAS HORAS DE JACOMINUS GAINSBOROUGH

REBECCA DAUTREMER. EDELVIVES, 2018

A historia dun pequeno coello branco chamado Jacominus móstranos a arte de apreciar as pequenas cousas da vida. Asentado sobre uns sólidos cimentos que se atopan na familia e no seu entorno máis próximo, Jacominus amósanos sen ensinanza moral modelos de conduta para desfrutar da vida e sacarlle todo o proveito a nivel emocional. Un irresistible libro ilustrado para que as persoas adultas compartan coas máis pequenas e pequenos.



UN CUENTO PARA VER

MANUEL LOURENZO - TESA GONZÁLEZ.
LIBRE ALBEDRÍO, 2017

Esta é a historia de amor entre dous personaxes, como se coñeceron e todo aquilo que comparten a través dos sentidos como o tacto, o gusto, o olor. Dous personaxes que pronto serán tres, e que desexan para o seu bebé? Obviamente todo o mellor para que poida gozar do mundo que o rodea. Unha tenra historia sobre a amizade, o amor, os sentimentos e a familia. Unha bela alegación á imaxinación e aos sentidos.



CONTA CONMIGO

MIGUEL TANCO. BULULÚ, 2019

Todas e todos temos unha paixón. Para algunhas persoas é a música, para outras a pintura, pero para a nena protagonista da nosa historia son... as matemáticas! E é que as matemáticas están en todas as partes. Ás veces están agochadas e a ela encántalle atopalas. Hai infinitas maneiras de ver o mundo e este libro é unha fermosa oda a algo tan vital pero raramente celebrado como **as matemáticas**.




OS ESQUELETOS DIVERTIDOS

JANET & ALLAN AHLBERG. KALANDRAKA, 2019

Tres simpáticos esqueletos saen unha noite a pasear e a asustar xente. Esta historia que contrapón o escuro co alegre, o medo e a alegría, permitindo que nos penetremos nos relatos protagonizados por personaxes típicamente de medo dunha forma amable e divertida.

De 9 a 11 anos




BICOS E NON BALAS

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO. GALAXIA, 2019

Pola nosa boca poden saír balas, pero tamén bicos. Poden saír versos e beixos. Podemos reclamar, a *berroversos*, a paz.


Velaquí unha antoloxía de poemas nun libro que fala de valores de paz, de entendemento e da necesidade de máis bicos e menos balas.



O LOBO DE AREA

ÁSA LIND. KALANDRAKA, 2019

Cando Zackarina se aburre, prefere ir á praia para ver o seu mellor amigo, o Lobo de Area. O Lobo de Area é un ser fantástico, un amigo perfecto, que tranquiliza á pequena Zackarina en todo o momento e axúdalle a medrar. Moitas nenas e nenos identificaranse con Zackarina e moitas nais e pais se verán tamén reflectidos. Un relato tan real e tan imaxinario como a vida.



PERRO APESTOSO

MARC BOUTAVANT. BLACKIE BOOKS, 2019

Presentámosche a **Perro Apestoso**. Vive nun cubo de lixo, cheira a sardiñas, está cheo de pulgas e o seu pelo parece unha alfombra vella. Tamén é un pouco babeco e moi inocente. Pero a pesar de todo, ten un corazón moi grande e é puro optimismo e alegría. Adoraralo!



SI NO TE GUSTA LEER, NO ES CULPA TUYA

JIMMY LIAO. BARBARA FIORE, 2019

Ao redor da mesa un grupo de nenos e nenas discuten as citas de personaxes famosos sobre a lectura e desátase o debate sobre o eterno dilema: ler ou non ler? Esa é a cuestión! Jimmy Liao presenta unha aguda e irónica reflexión sobre o cambio que vive o mundo da literatura: do desamor cara á lectura ao declive das pequenas librerías.



LOS ESCRIBIDORES DE CARTAS

BEATRIZ OSÉS GARCÍA. SM, 2019

O río, ou a serpe, cruza a pequena vila de Noaberri. Federico, o carteiro, está a piques de perder o seu emprego. Iria, a súa neta, ten un plan para salvalo. Pero don Isidoro, o alcalde, odia o río e tamén a Federico. Mentres as cartas están a morrer, todos eles esconden un segredo... adiviñas cal? A que soa interesante?

De 12 a 14 anos



VICTORIA SUEÑA

T. DE FOMBELLE. NÓRDICA, 2019

Premio ao Mellor Libro 2018 na súa categoría da revista *Andersen*, pola gran e intensa historia, capaz de xogar coa aventura e o misterio mentres fala de crecemento e relación, dentro e fóra da familia. Pola fermosa e fervente homenaxe ao poder da lectura e a fantasía como oportunidades de cambio, persoal e colectivo. Isto é Victoria, unha lectora voraz que soña con mil aventuras.



MAMÁ, QUERO SER ZIGGY STARDUST

IRIA MISA. XERAIS, 2018


Xenial proposta a de Iria Misa, unha lectura necesaria que vén cubrir un oco na literatura galega: o tema da transexualidade dirixida a un público infantil-xuvenil. Resulta interesante porque non nega os problemas que leva, os problemas familiares, o rexeitamento dunha parte da sociedade, os conflitos emocionais... Esta é a historia dunha nena que non se identifica co sexo e xénero asignado ao nacer e que sente unha admiración especial por todo canto representa a figura de Ziggy Stardust.



GUARDIANES DE FANTASMAS

JAPHET ASHER. EDELVIVES, 2018

Narrativa que mestura á perfección a fantasía e a ciencia ficción nunha increíble aventura con realidade aumentada. A través de pistas, a novela transmite valores como a convivencia, resolución de conflitos, paz, liberdade e xustiza. Un formato curioso que as crianzas non esperan e co que levarán sorpresas mentres se adentran nunha aventura cuxa misión principal será acabar cos seres que habitan o libro, literalmente.



O GRUPO

AN ALFAYA. XERAIS, 2019
PREMIO RAIÑA LUPA 2018

Sentiches discriminación algunha vez polo teu aspecto, a túa orixe ou a túa orientación sexual? Serías quen de desprazarte a diario pola túa cidade nunha cadeira de rodas? Imaxinas ter un pai maltratador?

Unha novela doada de ler que convida a reflexionar sobre as discriminacións que sofren as persoas que fican nunha situación especialmente vulnerable.



ERIK VOGLER

JAQUE MATE, EDEBÉ, 2018

Eric Vogler é maniático, ultraordenado, arquipuntual, hiperscrupuloso e NUNCA sae da casa se non vai combinado. Este ser aparentemente repelente é o protagonista dunha das máis orixinais sagas de novelas policial dos últimos tempos. Nesta nova aventura Erik Vogler fai o Camiño de Santiago, un camiño que non estará exento de perigos.

Mocidade



EN LA BOCA DEL LOBO

M. MORPURGO. SIRUELA, 2019


A celebración do 90 aniversario dun home querido e respectado por toda a comunidade serve como punto de partida para contar unha historia real e estremecedora, a de dous irmáns, Francis e Peter, e dunha guerra, a Segunda Guerra Mundial. Ambos os irmáns son chamados a filas. O que ocorre a partir de aí cambiará a Francis para sempre e empúrrao directamente á boca do lobo.



MNEMEA

XOSÉ DUNCAN. GALAXIA, 2019

A sombra desa muller con recendo a primavera bísballo ao ouvido... canto sacrificarías por acadar o éxito? Canta dor serías capaz de provocar con tal de cumprir os teus soños? Que é o realmente importante? Que perdurará de ti cando xa non esteas? É o momento de decidir se seguimos alimentando os nosos demos ou se rematamos con eles, para sempre.



RÍOS DE LONDRES

BEN AARONOVITCH. OZ, 2019

As habilidades máxicas dun mozo axente de policía farán que ingrese no departamento secreto da policía metropolitana de Londres. O seu día a día consiste en negociar treguas entre o deus e a deusa do Támesis e desenterrar tumbas no Covent Garden. Por se for pouco, un espírito maligno e vingativo está sementando o caos en Londres e hai que facer o necesario para manter a paz da raíña.



OS CORPOS INVISIBLES

EMMA PEDREIRA. XERAIS, 2019

PREMIO JULES VERNE DE LITERATURA XUVENIL 2019

Unha rapaza de 15 anos, *traballadora (escrava)* nunha fábrica téxtil do Londres da Revolución industrial. Unha muller de familia acomodada cunha vontade de ferro. Non poden ser máis diferentes, pero ambas buscan a liberdade, a existencia e o recoñecemento que a sociedade lles negaba a elas e ás súas compañeiras.




MEMORIA DO SILENCIO

EVA MEJUTO. XERAIS, 2019

As novelas sobre a II Guerra Mundial e o nazismo son tantas hoxe en día que poucas teñen algo que achegar, pero nesta novela hai un feito diferente: un protagonismo feminino incuestionable onde vemos a muller na primeira liña de combate. Esta novela cóntase dándolles o protagonismo a aquelas persoas que participaron no conflito dalgunha forma e que non nomean os libros.

Cómic infantil



BOLÍVAR

SEAN RUBIN. ECC CÓMICS, 2019

Sybil, unha nena de Nova York, parece que é a única que se decata de que o seu veciño é... un dinosauro!!! Todo o mundo está tan ocupado indo de un lado a outro polas rúas da gran cidade, que non son conscientes de Bolívar. Non se decatan da súa estraña altura, dos seus pequenos brazos, nin da súa longa cola. Unha fermosa edición de ECC que nos trae unha lectura para compartir grandes e crianzas.



PEPINO: HÉROE DE LEYENDA

D.G. GIGI. LA CÚPULA, 2019


Os sete reinos de Onirolandia precisan un "héroe de lenda". Porén, teñen que conformarse con Pepino, un aprendiz de mago que o único que desexa é ir á escola, pero que debe partir xunto a Almendra, a súa irmá pequena e moito máis heroica ca Pepino, en busca da Espada dos Soños, a única arma o suficientemente poderosa para derrotar o Señor dos Pesadelos. La Cúpula tráenos o primeiro dos catro volumes que conforman as historias de Pepino, un cómic que primeiro naceu na web e que vai conquistar os corazóns do lectorado.



IRA: JINETE DE DRAGONES

MANUEL GUTIÉRREZ E XULIA VICENTE. SALLY BOOKS, 2019

"Sello de dragón" é unha triloxía de cómics de corte fantástico-épico ambientada na rexión de Nilak, os seus pobos e criaturas. Actualmente están dispoñibles os dous primeiros tomos da serie, ilustrados pola nosa querida autora local Xulia Vicente: *Ari, cazador de dragones* e *Ira, jinete de dragones*, editados por SallyBooks. En Nilak, un mundo xeado que morre, ou tes a sorte de montar dragóns ou de combatelos. Para Ira, unha moza xinete herdeira do Clan eAnori, o futuro sorrille, ou iso cría... Porque o encontro cun estraño cazador cambiará o seu destino para sempre.



SUPER MARIO AVENTURAS

YUKIO SAWADA. PLANETA CÓMIC, 2019

Super Mario forma parte da cultura popular. Aínda que as e os máis pequenos non xoguen aos videoxogos, seguro que coñecen a parella de despistados formada por Mario e Luigi, á que se lles suman o comellón de Yoshi ou o exército de Bowser ao que se enfrontan. Así que ofertarlles as súas aventuras a través da lectura deste manga kodomo pode ser todo un acerto para os e as primeiras lectoras.



MICRO ALGAS: O MUNDO OCULTO

XULIA PISÓN. UDC, 2019

Micro algas non naceu como cómic infantil, pero dende as bibliotecas recomendamos a súa lectura a partir dos 10 anos. As microalgas existen desde hai 1500 millóns de anos. Coa axuda destes pequenos seres podemos salvar o planeta de ameazas coma o cambio climático, a contaminación ou a desnutrición global. Porén, as microalgas teñen os seus propios problemas e ao longo deste cómic poderás coñecer os de Spirulina, Nanno, Wasto e Tom, e seguilos nas súas aventuras e descubrimentos.

Cómic adulto



TANTA PAZ LEVES

TOMÁS GUERRERO. DEMO EDITORIAL, 2019

Nos anos da difícil posguerra europea, o tempo de paz agocha milleiros de historias de persoas vencedoras e vencidas, máis alá dos resultados bélicos. O persoal dun circo que percorre o país observan con estrañeza a chegada dun misterioso convidado traído por un vello coñecido do xerente. A partir dese momento, afloran feridas que quedaran abertas durante ese período convulso. Un dos últimos títulos do catálogo de Demo, a editora de cómic local á que tan boas lecturas a nosa lingua lle debemos.



LA DIVINA COMEDIA DE OSCAR WILDE

JAVIER DE ISUSI. ASTIBERRI, 2019

Isusi converte a Wilde no protagonista da obra teatral da súa vida, nun monumental cómic de 376 páxinas. Aténdose fielmente ao que se coñece da existencia do escritor, Isusi imaxina o que podería ter pasado Wilde en París nos tres últimos anos da súa vida: despois de saír de prisión, na ruína moral e económica e fortemente alcoholizado, incapaz de escribir unha liña. Réndelle ademais unha homenaxe á súa obra mediante citas e referencias textuais que transmiten boa parte das ideas de Wilde, e todo contado a través das persoas que o acompañaron durante ese período final, cunhas "entrevistas" que fan máis fluída aínda a lectura deste cómic.



LA ESPERANZA PESE A TODO (SPIROU)

EMILE BRAVO. DIBBUKS, 2019

Ao comezo da Segunda Guerra Mundial, Fantasio alistouse, convencido de que os franceses e os aliados aplastarían os alemáns. Mentres tanto, Spirou segue co seu traballo de botóns nun hotel sen clientela... Un encontro cun pintor censurado polos nazis volverá a Spirou consciente da complexidade da situación das e dos xudíos. A obra completa constará de 4 volumes, continuación cronolóxica de *Diario de un ingenuo*, será unha obra maestra, que mesturará acción, humor, realidades históricas e reflexión filosófica. Imperdible. Unha das obras do ano.



NIÑO PRODIGIO: MI PADRE, EL GENIO DE LOS CONCURSOS

MICHAEL KUPPERMAN. BLACKIE BOOKS, 2019

O pai do autor do cómic, Joel Kupperman, foi de neno o consolo ianqui durante a Segunda Guerra Mundial, coñecido en cada casa estadounidense grazas ás súas aparicións estelares no famoso programa Quiz Kids. Resolvía problemas matemáticos nun tempo récord, pero ninguén lle explicou que faría coa súa vida cando envellecese. Este cómic é unha marabillosa biografía dese neno, xenio dos concursos, que nos fai reflexionar sobre a infancia, sobre a súa instrumentalización en ocasións e en como é determinante para o resto das nosas vidas.



MALAS COMPAÑÍAS

ANCCO. ASTIBERRI, 2019

A autora desde cómic rememora a súa propia adolescencia, sombría e brutal, na Corea do Sur dos anos 90, que sofre unha grave crise económica. O seu barrio, onde non asoma ningún horizonte, está a mil leguas da Corea tecnolóxica loada internacionalmente. As persoas adultas levan vidas grises e a violencia física e moral está a orde do día. E esa violencia é a que máis impacta na lectora e lector occidental.

Persoas adultas



HERIDO LEVE

ELOY TIZÓN. PÁGINAS DE ESPUMA, 2019

Este libro de crítica literaria xorde da necesidade do autor de ocupar o seu tempo cando queda atascado na redacción dun novo libro, que o leva a revisitar os seus escritos durante os últimos trinta anos e do seu amor pola literatura. “Un libro de libros” organizado en oito “afinidades atmosféricas” e que tamén é literatura.



AS ESTACIONS DO LOBO

MARÍA REIMÓNDEZ. XERAIS, 2019


Esta última novela da autora é, como toda á súa obra, intimista. Trata do amor, do desamor, das relacións, das que nos fan mal e das que nos salvan, do desarraigo e da necesidade de pertencer, pero tamén da necesidade de liberarnos das ataduras que nos impiden avanzar.



INFELICES

JAVIER PEÑA. BLACKIE BOOKS, 2019

Unha primeira novela do seu autor “sobre o fracaso e a tiranía das expectativas”, diferentes personaxes unidas por un nexo común: a infelicidade. Un libro que tamén marcou un cambio radical na vida profesional do propio autor.



UN CABALLERO EN MOSCÚ

AMOR TOWLES. SALAMANDRA, 2018

Segunda novela do autor na que explora un mundo real pero ao mesmo tempo imaxinario. Un conde ruso é condenado a vivir recluído nun hotel de luxo na Rusia pos-revolucionaria e dende el ve como durante tres décadas o mundo que coñece cambia de forma radical mentres intenta manter un estilo de vida condenada a desaparecer en Rusia de mediados do século XX.




OS BICOS FERIDOS

ANNA R. FIGUEIREDO. GALAXIA, 2019

Unha primeira novela onde se van debullando temas como a importancia das redes sociais, as relacións familiares e a maternidade, a soidade nas grandes cidades ou o medo á morte. Construída grazas a unha serie de diversas voces narrativas que conforman unha novela intensa coa prosa coidada e de alto poder metafórico que redescobre un Londres distinto a outros que se nos teñen mostrado.

Para ver e escoitar



ALADDIN

GUY RITCHIE, 2019

Ambientada na imaxinaria cidade de Agrabah, Aladdin é a historia mozo ladrón que está namorado da princesa Yasmine, filla do Sultán. Para conquistar o amor da princesa deberá enfrontarse ao malvado Jafar coa axuda dunha lámpada marabillosa e o xenio que a habita.



CAFARNAÚM

NADINE LABAKI, 2019

Ante un tribunal, Zaín, un neno de 12 anos, declara ante o xuíz: quere que xulguen aos seus país por terlle dado a vida e para que non poidan dar vida a ningunha existencia máis. Unha fábula contemporánea de carácter político sobre un neno que se rebela contra a vida que lle tocou vivir.



LOVE SCUMS DUST

FURIOUS MONKEY HOUSE, 2019

5 rapaces de Pontevedra, que fan rock con influencias das bandas dos 90 como Pixies ou Nirvana, acompañados por un mono rabioso que sempre toca con eles. Neste novo traballo forxan a súa identidade sonora, pasando por riba das tendencias e manteñen a súa potencia roqueira que vai do grunge ao alternativo melódico dos 90. (Mondosonoro)



VAMOS A VOLVERNOS LOCOS

LEÓN BENAVENTE, 2019

Tras un debut que os situou na primeira liña do rock alternativo, chega este tercer disco onde loitan por quitarse o sambenito de grupo de rock protesta, e conseguir ser o grupo insignia do circuito. Con referencias que van desde Beastie Boys a Peret, pasando polo último de David Bowie, conseguiron desenvolver unha marca recoñecible soando en maiúsculas.



RABIA AO SILENCIO

SÉS, 2019

Sés, neste traballo cantalle a Iberoamérica facendo unha recompilación de cancións populares, folclóricas ou de autor, adaptadas e cantadas en galego, unha lígua "A que tanto amo e que tan maltratada e agonizante está" en palabras da propia Sés. O resultado é un traballo acústico e máis íntimo e directo do que nos ten acostumados.

LGTBI



LAURA DEAN ME HA VUELTO A DEJAR

ROSEMARY VALERO O'CONNELL. LA CÚPULA, 2019

Laura Den é a moza máis popular do instituto: é encantadora, divertida e realmente preciosa, pero ten as papeletas para ser a peor noiva do mundo. Tocando de maneira delicada, pero convincente, temas como o acoso escolar, a homofobia e as relación tóxicas, esta novela gráfica toma o pulso das preocupacións das e dos adolescentes.



LA GEOMETRÍA DEL TRIGO

ALBERTO CONEJERO. DOS BIGOTES, 2019
PREMIO NACIONAL DE LITERATURA DRAMÁTICA 2019

Unha obra de teatro sobre a necesidade de coidar os nosos vínculos co pasado, porque o vínculo nunca desaparece e sempre estamos a tempo de coidalo. É a historia dunha viaxe de norte a sur, do agora ao pasado. Unha historia de tránsitos e transicións entre tempos, espazos, linguas e formas de amar. E de fondo as últimas minas de chumbo entre as oliveiras. Un intento de empezar de novo e de seguir xuntos.



ASALTO A OZ. ANTOLOGÍA DE RELATOS DE LA NUEVA NARRATIVA

VV.AA. DOS BIGOTES, 2019

Asalto a Oz reúne 15 das mellores e máis representativas voces da nova literatura española de temática LGTBI. Prologada polo periodista e activista Rubén Serrano ("tenemos la necesidad de aprendernos, encontrarnos y de identificarnos"), reflicten a diversidade, calidade e potencia que teñen as voces da nova xeración da narrativa *queer*.



TODOS DEBERÍAMOS SER FEMINISTAS

CHIMAMANDA NGOZI ADICHIE. RANDOM HOUSE, 2019

Ensinámoslles ás nenas que poden ter ambición, pero non demasiada... que poden ter éxito, pero non demasiado, pois iso ameaza os homes, di a autora Chimamanda Ngozi Adichie. Esta conferencia transformouse nun libro, nunha conversa por todo o mundo sobre o feminismo. "Feminista feliz africana que non odia os homes e a quen lle gusta levar lapis de labios e tacóns altos para si mesma e non para os homes", así se define a autora.



VAGOS E MALEANTES

VV.AA. EGALES, 2019

Este libro reúne doce mozos autores *queer* de diversa procedencia profesional: dramaturgos, xornalistas, novelistas, poetas... Todos eles unidos por un espírito activista, teren nacido entre o fin da ditadura franquista en 1978 e a abolición en 1995 da Lei de perigo e rehabilitación social e por un cualificativo que os acompaña desde ben novos: *maricas*.


Mirar e releer



COCINA MADRE

JOAN ROCA. PLANETA, 2019

Tradicional libro de cociña con receitas non sempre tradicionais revisitadas polos cociñeiros e, como eles mesmos contan, o que fixeron foi "mergullarnos na nosa cociña nai para identificar, lembrar e celebrar as elaboracións, ingredientes e ensinanzas que nos converteron no que somos... e que nos empurraron a crear a nosa propia cociña". Bo proveito!!



EL ANTROPÓLOGO INOCENTE

NIGEL BARLEY. ANAGRAMA, 2019

Un atípico libro de antropoloxía escrito con brillantez, ledicia e un extraordinario sentido do humor, "o libro máis divertido que lera nunca" di del a editora, que tamén valora a posición do autor recoñecendo como os observados tamén o observan a el e o ridiculizan ás veces. Nárrase aquí a experiencia do antropólogo N. Barley ao longo dun ano na súa convivencia cos dowayos, tribo remota do Camerún.



CUENTOS

EDGAR ALLAN POE. RBA, 2019

Recompilación de todos os relatos cortos de Poe, ignorado polos seus contemporáneos, pero que na actualidade é recoñecido como autor de obras pioneiras do terror psicolóxico e tamén doutros xéneros como a narración de detectives ou a ciencia ficción. Esta edición está enriquecida pola tradución de Julio Cortázar.



CÓMO SER UNA BUENA CRIATURA

SY MONTGOMERY. ERRATA NATURAE, 2019

Nesta autobiografía novelada onde a autora, unha recoñecida naturalista mestura de "Emily Dickinson e Indiana Jones", cóntanos como a relación cos animais nos poden axudar a lidar coa perda, coa desesperación, e como entender outro ser doutra especie pode ser unha experiencia transformadora e nos pode facer *mellores criaturas*.



UNHA HISTORIA DA MÚSICA DE GALICIA

FERNANDO FERNÁNDEZ REGO. GALAXIA, 2019

Segundo conta Marcos Gendre no *Mundo Sonoro*, o libro é "unha bacanal informativa que atravesa máis de seis décadas de historia, de 1952 a 2018... Un documento inexcusable para todo aquel que, nalgún momento da súa vida, se sinta atraído polo labor de pioneiros como Los Zafiros, Andrés do Barro, Juan Pardo, Os Resentidos ou Malandrómeda, entre os centos e centos de artistas aquí reunidos."

Biblioteca verde



EL CLAMOR DE LOS BOSQUES

RICHARD POWERS. ALIANZA DE NOVELAS, 2019

Se as árbores puidesen falar, que nos dirían? Premio Pulitzer 2019, esta novela coral é un relato irresistible sobre o activismo e sobre como nos relacionamos coas árbores e como elas se comunican entre si. Unha epopea ecolóxica para quen confía na capacidade transformadora e rexeneradora da vida natural.



CAMBIAR LAS GAFAS PARA MIRAR EL MUNDO: UNA NUEVA CULTURA DE LA SOSTENIBILIDAD

YAYO HERRERO, FERNANDO CEMBRANOS Y MARTA PASCUAL.
LIBROS EN ACCIÓN, 2019

Unha vez que se esquilinou o planeta, ás portas da ruína ecolóxica (e por tanto social) e moi próximos a un previsible declive enerxético –todo iso como resultado da lóxica económica da sociedade industrial–, temos a obriga de revisar os conceptos fundamentais que nos trouxeron ata aquí.



O LIBRO DOS OCÉANOS

ESTHER GONSTALLA. CATROVENTOS, 2018

Verteduras de petróleo, sobrepesca, illas de refugallos plásticos... Hai tempo que os nosos mares deixaron de ser fonte de saúde, alimento e benestar. Cun deseño atractivo e informativo, é un retrato detallado que nos permite comprender mellor as relacións que existen entre a actividade humana e os cambios que sofre o mar.



ZERO WASTE PARA SALVAR EL MUNDO: GUÍA ILUSTRADA PARA UNA VIDA SOSTENIBLE

ALLY VISPO. VERGARA, 2019

Yve Ramirez, autora do blogue "A Ecocosmopolita" e unha referencia no movemento do residuo cero, convidanos a superar o devastador "usar e tirar" e a modificar as regras do xogo a través de pequenas decisións que nos axudarán a restar residuos á vez que sumamos en sustentabilidade.



TIERRA DE MUJERES: UNA MIRADA ÍNTIMA Y FAMILIAR AL MUNDO

MARÍA SÁNCHEZ. SEIX BARRAL, 2019

Neste persoalísimo ensaio, a escritora propónse servir de altofalante e dar espazo a todas as mulleres silenciadas nos campos españois, a todas aquelas que tiveron que renunciar a unha educación e a unha independencia para traballaren a terra coas mans e coidaren das súas familias.

Voces poéticas




LA ESCALA DE MOHS

GATA CATTANA. AGUILAR, 2019

“Y quién me iba a decir a mí
que después de tanto principio,
tanta ley y tanto código, tanto juez
y tanta ética, tanto farol bien tirao...
que el mío iba a ser tan minúsculo”


Páxinas cheas de forza, de vida, de rebeldía desta
poeta-rapeira desaparecida de forma tan temperá.



VETAS PROFUNDAS

FERNANDO ARAMBURU. TUSQUETS, 2019

Compilación de 40 poemas de 34 poetas e 6
poetisas, seleccionados polo autor, a partir dos que
se reflexiona sobre as sensacións que a súa lectura lle
provoca e que pon en relación coa súa experiencia
vital. Publicados todos os textos inicialmente no
suplemento “Territorios de la cultura” de *El Correo*.



TRANSMATRIA

DANIEL ASOREY. XERAIS, 2019


Transmatría é un libro contundente, comprometido, con versos
que agroman do corpo e da súa capacidade transformadora.
Os seus poemas constrúen unha escrita a favor da dignidade,
das identidades sexuais e de xénero.

“Na escola dixéranme que nunca sería unha nena.

Así que os rapazolos riran do meu nome

No carné que me entregaran

Para trazar do corpo unha cadea”.



FELIZ IDADE

OLGA NOVO. TAMBO, 2019

Este fermosísimo libro de poemas foi escrito durante un período
de sete anos comprendido entre a concepción da filla da autora, a
quen lle dedica o libro, e a morte do seu pai. Escrito cunha beleza
apegada á terra e ao rural, mesturado coa reivindicación do corpo
feminino e a nostalxia do tempo pasado e a esperanza no tempo
futuro, revolve en nós eses sentimentos de conexión coa natureza
que se producen cando se cruzan a morte e a vida tan preto de nós.



POESÍA REUNIDA

IDA VITALE. TUSQUETS, 2017

Recompilación dunha grande parte da obra poética de Ida Vitale,
Premio Cervantes 2018, e non precisamente en orde cronolóxica
ao longo de sete décadas. Poeta uruguiaia membro da xeración
do 45 e representante da poesía esencialista, é unha das voces
poéticas máis importantes do mundo hispanoamericano.

“Alguien abre una puerta

y recibe el amor

en carne viva.”

Do seu poema “Misterios”

Cousas da Coruña




Por toda Galicia cantábanse, ao compás dunha gaita ou dun acordeón, antigos romances transmitidos oralmente. Con eles pedíase o *aguinaldo*.

A súa orixe pérdese no tempo pero está relacionada cos cantares cultos e romances relixiosos medievais adaptados e transformados polo pobo ao longo dos séculos.

Os seus cantores eran, xeralmente, labregos pobres e os seus destinatarios principais os fidalgos e señoritos rurais ou os burgueses das vilas e cidades.

No caso das zonas urbanas, as xentes que prestaban servizo ás familias burguesas e aristocráticas –criadas, leiteiras, carteiros, repartidores...- felicitábanlles as Pascuas e, de paso, pedían/recibían o aguinaldo.

Deus cho pague



Historias de regalo 2019

BIBLIOTECA ÁGORA

Lugar da Gramela, 17
T. 981 189 886
bagora@coruna.es

BIBLIOTECA CASTRILLÓN

Praza Pablo Iglesias, s/n
T. 981 184 390
bcastrillon@coruna.es

BIBLIOTECA ESTUDOS LOCAIS

Durán Loriga, 10, 1º
T. 981 184 386
bestudosl@coruna.es

BIBLIOTECA FÓRUM

Río Monelos, 1
T. 981 184 298
bforum@coruna.es

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

Durán Loriga 10, baixo
T. 981 184 388
binfantil@coruna.es

BIBLIOTECA MONTE ALTO

Vereda do Polvorín, 3, 3º
T. 981 184 382
bmontealto@coruna.es

BIBLIOTECA OS ROSALES

Praza Elíptica, 1
T. 981 184 389
brosales@coruna.es

BIBLIOTECA SAGRADA FAMILIA

Antonio Pereira 1-3, baixo
T. 981 184 392
bsagradaf@coruna.es

OFICINAS CENTRAIS

Durán Loriga 10, 1º
T. 981 184 384
bibliotecas@coruna.es

PUNTO DE PRÉSTAMO MESOIRO

Rúa Os Ancares,15
bmesoiro@coruna.es
T. 981 184 370

www.coruna.gal/bibliotecas

 @bibcoruna

 bibcoruna

 bibcoruna



BIBLIOTECAS
municipais